

**Proced. SI429A - Axudas do programa EMEGA para fomento do emprendemento feminino.
LIÑA INNOVA**

FINALIDADE DA AXUDA

Promover a realización de melloras innovadoras nas empresas lideradas por mulleres que comparten a creación de emprego feminino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

RÉXIME DA AXUDA

- Axudas de mínimos.
- Concorrenza competitiva. Criterios de valoración (máximo 100 puntos):
 - a) Emprego feminino creado por conta propia e allea. Máx. 15 puntos.
 - b) Investimento e financiamento. Máximo 15 puntos.
 - c) Contribución a integración laboral de mulleres en situación de especial protección. Máx. 10 puntos.
 - d) Formación e experiencia do equipo promotor. Máx. 7 puntos.
 - e) Carácter innovador do proxecto. Máx. 7 puntos.
 - f) Utilización de factores produtivos locais e comarcais. Máx. 7 puntos.
 - g) Localización do proxecto en zona rural. Máx. 7 puntos.
 - h) Contribución do proxecto ao desenvolvemento sustentable. Máx. 7 puntos.
 - i) Iniciativa empresarial pertencente ao sector de prestación de servizos de conciliación. Máx. 5 puntos.
 - j) Proxecto pertencente a sectores económicos en que as mulleres están infrarepresentadas. Máx. 5 puntos.
 - k) Período de desemprego das promotoras superior ao mínimo exixido. Máx. 5 puntos.
 - l) Grao de elaboración e concreción do proxecto. Máx. 5 puntos.
 - m) Presentación de toda a documentación relativa o procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento do proxecto. 5 puntos.

BENEFICIARIOS

Empresarias autónomas, microempresas e pequenas empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que acrediten no mes de finalización do prazo de presentación de solicitudes actividade empresarial ininterrompida entre 2 e 5 anos no mesmo sector para o cal se proxecta a mellora.
- b) Que presenten un plan de empresa no que se defina o proxecto de mellora empresarial e a estratexia para a súa implementación.
- c) Que o proxecto de mellora supoña a creación, polo menos, dun posto de traballo para unha muller para o que se exixa capacitación profesional media ou superior e cuxas funcións laborais estean vinculadas directamente ás accións do proxecto de mellora.
- d) Que o proxecto se materialice a través dalgunha das seguintes accións:
 - Desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas para a obtención de novos produtos ou procesos, ou mellora dos existentes.
 - Aplicación de novas fórmulas de produción e/ou distribución.
 - Diversificación de produción e/ou da oferta de produtos ou servizos no marco da mellora da calidade.

- Reformulación empresarial para a achega ao mercado de produtos e/ou servizos innovadores ou de especial singularidade.
- e) Que non recibisen nos últimos cinco anos axuda dos programas EMEGA para a mellora de empresas.

INTENSIDADE DA AXUDA

- Prima básica de 15.000 € por empresa.
- Prima de 18.000 € cando ademais do emprego obrigatorio fixado no apartado anterior, se cree un posto de traballo por conta allea con contrato indefinido para outra muller.
- Prima e 22.000 € as empresas nas cales existan máis de dúas traballadoras e se cree , ademais do emprego obrigatorio, un posto de traballo por conta allea con contrato indefinido para outra muller.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 22 de xuño de 2012.